

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS.

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia creou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia establece dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade como un órgano superior e de dirección á Secretaría Xeral da Igualdade.

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

Na Resolución de 16 de marzo de 2023 da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdad de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan Conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027), establece como un dos obxectivos de dito Plan o de fomentar a permanencia e coordinación das accións de sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres.



A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO, como entidade sen ánimo de lucro, ten entre os seus fins o de integrar ás diferentes asociacións de mulleres rurais que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense, de cara a aunar esforzos e recursos e garantindo un maior achegamento a eles por parte de todas as mulleres. Conta con 61 asociacións de mulleres rurais federadas e integra unhas 5.000 mulleres do medio rural na provincia de Ourense, sendo a única Federación destas características en toda a provincia. Desenvolve actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio social ás mulleres do rural, en especial ás vítimas de violencia de xénero, con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres e tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

